

# EMBARCA CARA AO NOSO MAR

das coleccións de Arte ABANCA e Afundación

Reto mariñeiro I (7 a 13 anos)



//Afundación

Obra Social ABANCA

# ¡Empecemos grumete!


Necesitamos un@ valente capitán@.

Pon a túa fotografía ou pinta un retrato mariñeir@.



Une os puntos e verás a túa nova embarcación para esta travesía

Ponlle nome, non o esquezas! \_\_\_\_\_



## Parada 1

Damos unha volta e fisgamos pola **visita virtual Agalería**.

Fíxate en que podes visitar este espazo de día e de noite, con tormenta e con bo tempo... estás preparad@ para esta travesía?



## Parada 2: desátase unha tormenta

Tras un comezo da travesía tranquilo desátase unha tormenta...

- Ondas de 10 metros.
- Lóstregos que iluminan a noite e tronos que fan tremer o teu barco.
- De súpeto... chove un líquido negro, e as ondas que mollan a embarcación son negras e pegañentas...

Por que as augas desta tormenta son negras e fedorentas?

Cando te asomas pola borda ves aves e peixes mortos... Que estará sucedendo? Din que cando se desata unha tormenta é porque o mar está enfadado, por que se enfadaría o mar?



Para atopar a resposta viaxa á visita virtual e busca a seguinte imaxe:



- Obsérvaa uns segundos, podes facela máis grande ou máis pequena...
- Le o título
- Fíxate no nome da autora

Por que cres que o mar se enfadou? Cal é a razón de que chova negro e pegañento?

- Ao último barco caeulle unha cunca de café á auga.
- Un barco rompeu e encheu de petróleo o mar manchándoo todo e matando os peixes e as aves.
- O mar é un caprichoso, os seres humanos témolo moi limpo, non sabes de que se queixa.

Anímate a contarnos a historia da obra de arte, que pensas sobre *Vertido nº14*? Compártea con nós en [areaeducativa@afundación.org](mailto:areaeducativa@afundación.org)

### Parada 3: Un polbo xigante impídenos o paso

Une os puntos e verás mellor o polbo xigante.





Se este océano queredes atravesar, 4 palabras mariñeiras deberedes pescudar, di o polbo xigante.

Que significa galerna?

- Lanterna en termos mariñeiros
- Temporal de vento
- A cisterna dos baños dos barcos

Como se chaman as cordas no mar?

- Cordóns
- Nabos
- Cabos

Como se mide a velocidade no mar?

- En quilómetros
- En retos
- En nós

Como se lles chama aos criminais do mar?

- Pescadores ou mariñeiros
- Piratas ou corsarios
- Chapuceiros ou baños rápidos

O polbo aparta para un lado e volvemos navegar, a idea é chegar ás illas Cíes e descansar da nosa travesía..., mais o polbo dinos...

***Se nesas illas queredes descansar cun perigoso pirata deberédesvos enfrontar.***



## Parada 4: O temido pirata Drake

Ola! Son sire Francis Drake.

Son o pirata inglés que por orde da raíña de Inglaterra, no século XVI, se instalou nas costas de Galicia para acabar cos pescadores e afundir barcos e así amolar os españois. Para iso, eu e mais os meus homes estivemos aloxados nas illas Cíes unha tempada.

Se nas illas Cíes queredes atracar, unha adiviña deberedes pescudar...  
Ha ha ha!!!!



Busca, na visita virtual, o conxunto de esculturas que levan por título Recolectoras. Obsérvaas ben. Non esquezas fisgar dentro e fóra de Agalería.

Drake dinos delas...

Mirade ben estas esculturas dun tal Leiro. O conxunto titúlase Recolectoras, e representa as persoas que se encargaron de recoller unha enorme vertedura de petróleo que se derramou nas costas galegas no ano 2002.



He he he!!!... con estes desastres naturais non necesitamos piratas nas vosas costas, xa as destruídes vós sós... estádesme a quitar o traballo de amolar os pescadores galegos!

Encántavos contaminar! Todo o tempo tirando cousas ao mar, ha ha ha!

Isto é verdadeiro ou falso? Quereranos enganar sire Francis Drake? Se é verdade, como se chamaba o barco que verteu o petróleo? Que sucedeu? Por que Leiro lles faría unhas esculturas a estas persoas?

**Cóntanolo en [areaeducativa@afundacion.org](mailto:areaeducativa@afundacion.org)**

# Bo traballo! Nas illas Cíes poderedes descansar!

Pero antes... déixovos este mapa para que poidades navegar...

Que vos parece o mapa que vos deixou o pirata Francis Drake? Recoñecedes algún lugar?

Gústavos este mapa de Galicia?

Cóntanolo en [areaeducativa@afundacion.org](mailto:areaeducativa@afundacion.org)



Unha vez que chegamos ás illas Cíes, descansamos un pouco, e recollemos do mar algúns plásticos. Aínda que Francis Drake diga que nos gusta contaminar, hoxe ímoslle levar a contraria. Recollemos os plásticos e decidimos reutilizar ese plástico e fabricar algo intelixente, animaste a facelo ti tamén?

**Preme aquí para ver algunhas ideas e saber como.**



## SOLUCIÓN

1. Por que cres que o mar se enfadou? Cal é a razón de que chova negro e pegañento? Un barco rompeu e encheu de petróleo o mar manchándoo todo e matando os peixes e as aves.

2. Que significa galerna? **Temporal de vento**

3. Como se chaman as cordas no mar? **Cabos**

4. Como se mide a velocidade no mar? **En nós**

5. Como se chaman os criminais do mar? **Piratas ou corsarios**

6. Recolectoras, representan as persoas que se encargaron de recoller unha enorme vertedura de petróleo que se derramou nas costas galegas no ano 2002

Isto é verdadeiro ou falso? Quereranos enganar sire Francis Drake?

**É verdadeiro.**

Como se chamaba o barco que derramou o petróleo? Que sucedeu? Por que Leiro lles faría unhas esculturas a estas persoas?

**O barco chamábase Prestige e no medio dunha tormenta o casco abriuse e derramou toneladas de fuel que contaminaron as rías galegas. Foi un dos desastres naturais máis importantes dos últimos tempos. Con motivo deste suceso milleiros de persoas colaboraron na limpeza do mar e mais das praias, e Leiro fíxolles unha homenaxe con estas esculturas, especialmente ás mulleres do mar.**

7. O mapa está falseado, cambiou os nomes das provincias: A Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense. E o mar Cantábrico.

**//Fundación**

Obra Social ABANCA